

Bieito Lobeira pide a creazón dun cuarto Xulgado para mellorar e axilizar a administración de Xustiza en Cambados

O deputado do BNG presenta unha iniciativa parlamentar na que advirte da carga de traballo, o persoal insuficiente e as deficientes instalacións dos actuais servizos

O grupo parlamentar do BNG, a través do seu deputado Bieito Lobeira, quer saber se a Consellaría de Presidencia ten previsto adoptar as medidas necesarias para a creazón do cuarto Xulgado de Cambados, promovendo a separación de xurisdicións: dous xulgados de instrución e dous de primeira instancia.

Bieito Lobeira presentou unha iniciativa parlamentar na que denuncia a falla de cualidade e de axilidade dos servizos xurídicos no partido xudicial desta localidade, provocada, entre outras cousas, polas deficiencias nas instalacións, un cadro de traballadores insuficiente e unha carga de traballo desproporcionada.

No tocante ao persoal, o deputado nacionalista afirmou que a situación “é límite” e dixo que, ademais, se acentúa co tempo, pois dende Decembro de 2005 xa non hai funcionario no Decanato por marchar este a outro destino e neste mes marchan os tres xuíces titulares, ficando pois á espera do próximo concurso, probabelmente en Maio.

A carga de traballo, dixo Lobeira, é tan “desproporcionada” que en materia penal cada Xulgado atende a unha media anual de 2.500 asuntos penais e outros 600 asuntos civís. “O resultado práctico desta situación caótica, desglosado por xulgados, é o que sigue: Xulgado nº1(retraso considerable tanto en materia civil como penal), Xulgado nº2 (ao borde do colapso, a piques de entrar na UVI xudicial), Xulgado nº3 (é o que se atopa nas mellores condicións, porén acábanlle de asignar os casos de violencia doméstica, co que xa está a arrastrar o retraso).

Ante o exposto, o deputado do BNG pregunta tamén na súa iniciativa se está prevista a substitución inmediata do xuíz titular, cando este deixe o Xulgado, a substitución de funcionarios en caso de baixas, permisos ou translados e a habilitación de espazos para arquivos nos sotos do edificio.